

## TRES TEXTOS DE DAVID FOSTER WALLACE

**David Foster Wallace** desapareceu aos 46 anos, o que o enmarca nunha xeración próxima á quen agora o traduce, mais vivindo en nichos ecolóxicos tan distintos, cabería supoñer que as coincidencias vitais son menores. Non sei, a min interesáronme algúns dos seus textos que lin hai unha media ducia de anos ou se cadra algo máis. Do mesmo xeito que me interesaron no seu día textos de **Jonathan Franzen**, **David Leavitt**, **Jonathan Safran Foer**, **Nicole Krauss**, **David Stevens**, **Chris Adrian** e moitos outros escritores dos EEUU, que constitúen parte da miña educación sentimental mesmo que non simpatice cos seus gobernos. De sempre non me parece axeitado poñer etiquetas, quer a escritores individuais quer a grupos de escritores, pois iso no mellor dos casos é unha xeneralización algo escura, que nega, dalgún xeito a porosidade entre tendencias, a experimentación e a evolución individual. Cando falo de evolución non falo dunha deriva unidireccional e pautada, como tantos críticos pretenden (insultando así gravemente a liberdade propia dos creadores, sexan estes escritores ou artistas de calquera outra disciplina, presente ou futura), senón o resultado dun percorrido<sup>1</sup> vital, coas súas aprendizaxes e experimentacións.

Das circunstancias do pasamento da **David Foster Wallace** non son eu quen de me pronunciar. Supoño que ven a conto aquela frase de **Wittgenstein** de que “todo o que importa na vida humana é aquilo do que debemos calar”. Non concordo na totalidade con esa afirmación, mais si parcialmente e ante a dúbida decidín non traducir “*Suicide as a sort of present*” (“o suicidio a xeito de dádiva”), para non incrementar o “morbo” que domina boa parte dos medios de comunicación, entendidos como manipuladores de opinión (a repetición das mentiras, como modo de construción dunha verdade única), e directores de atención (dando prioridade no interese das noticias á vida privada, en detrimento dunha información veraz sobre procesos e tendencias, análises e perspectivas). Son cousas miñas, non liguen.

A tradución que se presenta é fragmentaria<sup>2</sup> por forza do formato de publicación, mais tamén por unha cuestión de tempo dispoñíbel e oportunidade. Constitúe unha especie de “*avant-gout*”, de presentación, para que logo os que consideren interesante o aquí exposto, se decidan ou non –dependendo de hábitos de lectura- a recuncar noutras páxinas de **David Foster Wallace**. Para os que non as consideren interesantes, non teño receitas nin terapias. Xa saben a liberdade, o único camiño. Quedan coa súa prosa tentacular, co seu estilo poroso, coa súa sintaxe envolvente, cos seus textos anovadores e diferentes, gozosos e tráxicos ao mesmo que é do que se trata isto da literatura.

### OUTRO EXEMPLO MAIS DA POROSIDADE DALGÚNS LÍMITES (XI)

Como en todos eses soños. Estou con alguén que coñezo, mais non sei nunca como os coñezo, e de socato esa persoa sinálame e di que estou cego. Coma se estivese talmente cego, sen posibilidade de visión, etc. Ou é na presenza desa persoa onde de súpeto me dou de conta que estou cego. O que acontece cando me dou de conta diso é que me poño triste. Ponme inmensamente triste estar cego. Dalgún xeito a persoa dáse de conta do triste que estou e advirte que chorar vai danar dalgún xeito os meus ollos e vai facer a cegueira peor aínda, mais non podo evitalo. Séntome e comezo a chorar a cachón. Acordo chorando no leito, e estou chorando con tal intensidade que non podo ver nada, nin entender nada de nada. Isto fai que chore aínda con máis forza. A miña moza está preocupada e acorda e pregunta que é o que pasa, e pasa un minuto ou máis ata que eu poda reaccionar para me dar de conta que estaba soñando e que estou esperto e non cego, e chorando sen razón aparente, e entón contarlle á miña moza verbo do meu soño e ter a súa opinión sobre o caso. Daquela todo o día no traballo estou perfectamente consciente da miña visión e dos meus ollos e do bo que é percibir as cores e os rostros da xente e saber con certeza onde estou, e o fráxil que é todo, o ollo humano e a capacidade de ver, o facilmente que se pode perder, como sempre vin a xente cega ao meu arredor cos seus caxatos e ese ollar estraño e como sempre pensei neles como o bastante interesantes como para pasar un par de segundos ollando para os seus rostros e nunca pensei que tivesen nada que ver comigo ou cos meus ollos, e como é realmente unha coincidencia gozosa que eu poida ver en troques de ser unha desas persoas cegas que atopo no metro. E todo o día no traballo sempre que esta cousa me golpea e comezo a chorar outra vez por mor das separacións entre os cubículos e como toda a xente me pode ver e vanse preocupar, e todo o día despois do soño pásase así, e é fatigante abondo, a miña moza diría psicoloxicamente esgotador, e ficharei a saída antes de tempo e irei para a casa, entrarei e arrastrareime ata o leito a iso das catro da tarde e pouco menos que estarei morto.

## PEQUENAS ENTREVISTAS CON XENTE HORRÍBEL (fragmento<sup>3</sup>)

New Haven CT

Así e todo eu non me namorei dela ata que me contou a historia do seu incidente incrivelmente terrorífico no que foi asediada, cativada e estivo a piques de ser asasinada.

Q.<sup>4</sup>

Deixa que me explique. Estou certo de cómo pode soar, créeme. Podo explicalo. No leito, xuntos, como resposta automática ou asociación de ideas, ela contou a anécdota do auto-stop e unha vez que a colleran resultou ser un psicópata -violador en serie- que a levou a un lugar apartado e a forzou e podería tela asasinado con toda certeza si ela non fose quen de pensar con sosego nunhas circunstancias de extrema presión e temor. Sen que teña nada que ver cales foran os meus pensamentos verbo da calidade e a sustancia do pensamento que lle permitiu inducilo a el a que a mantivese con vida.

(...)

Q.

Chamabámoslles « Crunchers », termo que incluía as prototípicas sandalias, certa incontinencia emocional, cabelo longo e sensual, liberalidade extrema nos asuntos sociais, axuda financeira dos pais para a súa manutención, pés descalzos, escuras relixións importadas, hixiene indiferente, e vocabulario natural e algo envolvente, modelo predicible de xeito de falar post-hippie.

(...)

Q.

Disque o tipo de rapaza cuxos bicos saben a licor mesmo cando ela non tivese bebido ningún tipo de licor. Cereixas, baías de xenebra, xelatinas, todo fluído e suave.

Q.

Si, e alí está ela na anécdota, absolutamente feliz facendo auto-stop na estrada inter-estatal, e nese día en particular o tipo no auto que se detén case xusto o momento no que ela eleva o polgar cando sucede —ela dixo que se dera de conta que estaba cometendo un erro no intre mesmo de subir ao coche. O auto. Xusto o que ela chamaba o campo de enerxía dentro do auto, dixo, e que tivo medo que tivese atrapado a súa alma no instante mesmo de subir ao auto. E para certificalo, o tipo que conducía deixou pronto a estrada principal para se dirixir a unha especie de área sen saída, que semella que é o que os psicópatas violadores fan sempre, ti sempre les “*área sen saída*”, en todos os relatos que falan de “*brutais chacinerías sexuais*” e “*descubrimentos terroríficos*” de “restos sen identificar” feitos por unha tropa de rapaces “*scouts*” ou por un botánico afeccionado, etc, todos eses lugares comúns que ti podes estar seguro que ela estaba revisando, acordada polo horror, mentres o tipo comezaba a actuar máis e máis como un psicópata repulsivo mesmo na estrada inter-estatal que abandonou para se dirixir á primeira área sen saída que atopou.

(...)

Q.

(...)

E lembro claramente como dicía que naquel instante, se en calquera momento ela sucumbía ou relaxaba a súa atención un momento, e os seus ollos e o seu rostro se dirixían ao trunfo fácil do psicópata repulsivo, ela se sorprendeu a si mesma ao non sentir xa nunca máis un terror paralizante, senón unha compasiva case tristura verbo del, o mulato psicópata.

(...)

Q.

Non é unha verba axeitada, seino. Non é xusto falar de tristura do mesmo xeito que á que un sinte nun funeral ou nun filme. Mellor unha calidade plúmbea. Algo intemporal. O xeito no que no inverno a luz se presenta xusto antes do solpor. Ou esa —está ben, como dicilo, no cumio de facer o amor, o auténtico cénit, cando ela está a piques de chegar, no intre preciso cando ela está realmente respondendo, e ti podes ver no seu rostro que realmente está chegando, os seus ollos abríndose nunha mestura de abraio e recoñecemento, que ningunha muller no mundo pode finxir ou pretender se ti ollas intensamente ao fondo dos seus ollos e realmente a ves a ela, sabes perfectamente de que estou falando, ese intre apical de máxima conexión sexual, cando te sentes próximo a ela, *con* ela, moito máis próximo e máis real e no éxtase que na túa propia corrida, na que sempre sentes que perdes o teu control nunha persoa que te aperta para evitar que caias, unha lixeira brisa neural que non é para nada semellante ao que ela sente cando se corre, e —sei o que ti vas pensar disto mais vouno contar de calquera xeito- mais mesmo este momento de máxima conexión e de trunfo e gozo mutuos cando comezan a se correr ten o seu punto de baleiro e de feroz tristura, da súa perda nos seus ollos dilatados ata o seu punto máximo, e daquela cando xa chegan, comezan a exacular, pechados, os ollos fan, e ti percibes esa sensación familiar dunha agulla de tristura no medio da ledicia inmensa cando se arquean e se pechan os seus ollos e ti sentes que pecharon os seus ollos para te expulsar, e ti sénteste coma un intruso, a súa unión é agora co sentimento mesmo, co clímax, que tras das pálpebras baixadas os ollos están enrodelados e ollando intensamente cara ao interno, no interior dun baleiro íntimo onde ti que alí os levaches non podes entrar. Iso é unha merda. Non o estou expresando ben. Non podo facer que sintas o que eu sentín. Ti vas virar isto nunha especie de Macho Narcisista Pretende Que Unha Muller Fixe Os Seus Ollos Nel No Clímax. Seino. Ben, non me importa dicir que comecei chorar cando o da anécdota do clímax. Non moi forte, mais chorei. Agora ningún dos dous fuma. Estabamos os dous erguidos apoiados no cabeceiro, ollando na mesma dirección, de costas, como lembro agora a última parte da historia, cando chorei. A memoria é estraña. Lembro escoitar algún xeito de recoñecemento pola súa banda cando eu estaba chorando. Síntome turbado —non por chorar, mais pola necesidade que tiña de saber como ela o sentira, se isto fixera que eu parecese amábel ou egoísta. Ela permaneceu o resto do día onde el a deixou, de pé no cascallo, chorando, dixo, e dando grazas ós seus principios relixiosos e ás súas forzas. Mentres, por suposto, como ti terás imaxinado, estou certo, eu tamén estiven chorando. El deixou o coitelo e foise conducindo no seu Curlass descuberto, deixándoa alí. Se cadra el lle dixo que non se movera ou que non fixera nada durante un certo tempo. Se o fixo, sei que ela obedeceu. Ela dixo que aínda o podía sentir dentro da súa alma, o mulato —foi difícil rachar a concentración. Estou certo que o psicópata conduciu ata un lugar apartado para darse morte pola propia man. Semella claro polo desenvolvemento da anécdota que alguén tiña que morrer. O impacto emocional da historia en min foi ben fondo e sen precedentes, e non vou nin tan sequera intentar explicarcho. Ela dixo que chorou ao se dar de conta que mentres ficaba de pé facendo auto-stop as súas forzas espirituais tiñan guiado ao psicótico cara a ela, que el servira coma un instrumento que fixese medrar a súa fe e a capacidade para se centrar e alterar os campos enerxéticos a través da súa compaixón. Ela dixo que chorou de gratitude. Deixou o coitelo cravado coa empuñadura a carón dela, no lugar próximo onde el o deixara, aparentemente acoitelando o chan ducias de veces con desesperación salvaxe. Ela non dixo nada sobre o meu chanto nin o que iso significaba para ela. Eu manifestei máis emocións do que ela. Ela dixo ter aprendido máis sobre amor naquel día co violador que en calquera outra ocasión da súa viaxe espiritual. Daquela a súa vida enteira levouna inexorablemente a aquel preciso instante cando parou o auto e ela subiuse, iso foi en realidade unha especie de morte, mais de ningún xeito na maneira que ela teme cando entraron no camiño sen saída. Ese foi o único comentario que se dignou agregar, xusto na fin da anécdota. Non me importou se foi citado literalmente. Depende do que entendas por verdade. Simplemente non me importou. Eu cambiei, mudei —cre o que queiras. A miña mente semellaba moverse á velocidade da luz. Estaba tan triste. E iso, queira ou non que o que ela pensou que realmente pasou acontecese —semellaba verdade mesmo que non o fose. Iso mesmo na teoloxía centrada na conexión das almas, que aínda que fose unha característica viscosa da New Age, a súa crenza de que salvase a súa vida, sexa ou non relevante que esa idea viscosa sexa irrelevante, non si? Podes ver o porque disto, darte de conta, vaste sentir confundido —de te dar de conta de socato que toda a túa historia sexual tivo unha xenuína conexión menor que a que tiveron simplemente alí deitado escoitándoa falar de estar alí deitada sendo consciente da sorte que tivese que un anxo a visitase disfrazado de psicótico e demostrase que debería pasar toda a súa vida rezando sería verdade? Pensas que me estou contradicindo. Mais podes imaxinar como se sentiron? Vendo as súas sandalias no chan do outro lado do cuarto e lembrando o que pensaba deles só unhas poucas horas antes? Continúei dicindo o seu nome e ela preguntará qué? E eu pronunciarei o seu nome unha outra vez. Non me importa como o interpretes. Xa non estou turbado. Mais, se o podes entender, teño —podes entender porque non a podía deixar marchar logo disto? Porque sentín esa tristura extrema e o temor diante da posibilidade de que ela collera a súas sandalias e o seu bolso e o seu baleiro New Age e me abandonase e se botase a rir cando a agarrase pola dobra e lle suplicase que non me deixara, e lle

dixese que a quería e pechase a porta xentilmente e baixase descalza saíndo polo limiar e non a vise máis nunca na vida? Porque non importa que fose un pouco gordiña e non moi espelida? Nada máis importaba. Ela tiña toda a miña atención. Namorárame dela. Cría que ela me podería salvar. Xa sei como soa iso, pódeme crer. Coñezo aos do teu tipo e sei o que vas preguntar. Pregúntao. É a túa oportunidade. Dixen que eu pensaba que ela me podería salvar. Pregúntao agora. Dío. Estou aquí, espido diante túa. Xúlgame, ti cona fríxida. Lesbiana, marimacho, bruxa, zorra, lote, cona. Xa estás contenta? Todo saíu fóra? Contenta? Tanto ten. Sei que ela podía. Seino; Sei que a quería. Fin da historia.

### UNHA HISTORIA RADICALMENTE CONDENSADA DA VIDA POSTINDUSTRIAL

Cando foron presentados, el dixo algo gracioso, esperando agradar. Ela estourou de risa, esperando agradar. Despois, cada un deles partiu silandeirol para a súa casa, ollando sempre de fronte, con rictos idénticos nos seus rostros.

Ao home que os presentase, ningún deles lle caía particularmente ben, mesmo que actuase como o fixo, ansioso como estaba en conservar boas relacións en todo momento. Un nunca sabe, así e todo agora o fixo, agora o fixo, a gora o fixo.

- <sup>1</sup> No senso de “parcours”, de recorrido vital.
- <sup>2</sup> Fragmentarios son tamén os textos orixinais, incluídos no libro “Interviews with Hideous People”
- <sup>3</sup> As entrevistas redáctanse de xeito que o lector non coñece as preguntas e quen conta a historia se refire **permanentemente** ao entrevistador que actúa a xeito de terapeuta.
- <sup>4</sup> Indicativo de question » (pregunta en inglés) mais que non se refire polo autor.